



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26-07-2012.-

<p>Sres. Asistentes:</p> <p>Sr. Alcalde: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p>Sres. Concelleiros: D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. D. EMILIO MESIAS FARIAS. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e trece minutos do día vinteseis de xullo de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	--

Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 28-03-2012 E 26-04-2012.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesións celebradas polo Concello os días 28-03-2012, e 26-04-2012.

Punto núm. 2.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 25-05-2012 "AQUAGEST CANON DE SANEAMENTO".

Dase conta da Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, de data 25-05-2012, "AQUAGEST CANON DE SANEAMENTO", na que se dicta o seguinte FALLO:

" Que estimando el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Procuradora D^a María Vázquez Méndez, en nombre y representación de AQUAGEST S.A., contra la resolución del Ayuntamiento de Ares de fecha 10 de septiembre de 2010, por la que se desestima el recurso de reposición interpuesto contra la resolución de fecha 1 de julio de 2010, por la que se requería a AQUAGEST S.A., debo declarar y declaro la disconformidad a Derecho de los actos administrativos recurridos, anulando los mismos, por no ser conformes a Derecho. Sin hacer especial pronunciamiento respecto a las costas procesales causadas.

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA XULGADO-CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 09-05-2011 "CAMIÑO PÚBLICO MONTETEIXEIRO".

Dada conta da firmeza da Sentenza Xulgado-Contencioso Administrativo de Ferrol de data 09-05-2011, "Camión Público Monteteixeiro" na que se dicta o seguinte FALLO:

Que, con desestimación de las pretensiones deducidas en el presente recurso contencioso-administrativo, debo declarar y declaro la conformidad a Derecho de las resoluciones recurridas, que, por tanto, debo confirmar. Sin expresa condena respecto de las costas procesales."

O Concello Pleno dáse por enterado.

Punto núm. 4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 2/2012.

O Sr. Alcalde manifesta que este punto foi dado a coñecer na Comisión Informativa correspondente, e efectivamente os grupos xa coñecen, o mesmo. ¿Miramos estes puntos separadamente ou facemos unha intervención común?.

Resposta o Sr. Manuel Cendán, a mín me vale unha intervención para os catro.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL SR. Luis Cendán Fernández: Simplemente para dicir que pasou por comisión, que este é o mecanismo para poder executar os pagos, e polo tanto como foi a Comisión, e foi informado favorablemente o noso posicionamento vai a ser o mesmo para dar o noso apoio os catro expedientes de modificación.

Interven o voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesias Farías: Bo día a todos e a todas, o noso vai a ser en contra, loxicamente co fixemos coa modificación do crédito, polo tanto non temos moito máis que engadir, simplemente que penso que seguimos nunha mala vía e non sei a onde vai chegar isto, quero dicir que cada vez vai ser máis o que nos estamos endebedando, e non sei se se pensou algunha vez en como se vai a solucionar o tema e como se vai a pechar o grifo a esta sangría, nada máis.

Toma a palabra o voceiro do partido Popular, Sr. Manuel Cendán Fernández, nos efectivamente vamos a votar en contra, resumindo os catro na situación económica e na política económica que se viu exercendo por parte do Grupo Socialista a partir do ano 2008, no cal nos viñemos advertindo en todos os presupostos e en todas as intervencións económicas que non era a vía correcta para poder ter unha economía saneada, o tempo nos deu a razón, eu creo que hai que variar e despois do axuste este, nos viñamos reiterando nos Plenos que tiña que haber un furado bastante grande nos caixóns, e había facturas bastante considerables, sin darlle a vía pública para que os grupos foxemos coñecedores da veracidade dos feitos que estaban ocorrendo no Concello de Ares, e bueno o tempo nos deu a razón, e veremos que a política económica segue mal, seguen sen tomarse os axustes que hai que



tomar, por parte dos diñeiros que pedimos o Estado e que temos que devolver a partir do ano 2014, e que as novas xeneracións que nos veñan a substituír a todos os que estamos aquí, durante 10 ou 12 van a ter que pagar casi dez millóns de pesetas ó mes, creo que eso é unha política económica bastante nefasta, e deixar hipotecado as novas Corporacións que veñan a este Concello dunha situación de mobilidade reducida, posto que a única política que van poder levar é a de pagar todo este desmán, eso é o que nos pensamos, e o advertimos a partires do 2008, non foi ningunha casualidade, por parte deste voceiro do Grupo Popular viñase advertindo o Sr. Alcalde que había que cambiar, que había que reducir, que non se podía gastar tanto, que ían a vir tempos difíciles que non podíamos ir o endebedamento porque nos o tiñamos claro desde sempre o non exceder o tanto por cento de endebedamento porque podía vir calquer catástrofe ou calquer dilixencia que se poda efectuar polo tempo o por calquer cousa, e que o Concello poda solventar poda pedir un crédito sen ter que solicitar autorización a ningunha institución, agora eso non o podemos facer, Deus queira que co tempo non nos tiñamos que ver con ningún problema deste tipo, o que si está claro que a política económica nosoutros a resumimos a unha cousa, que si hai diñeiro que se gaste e senón non se pode facer, á xente hai que concienciala, que si este ano non se pode facer unha obra hai que esperar para o ano que ben, e eso o temos que ter claro todos, se non hai recursos pois tes que esperar 6 meses ou un ano, e creo que eso no futuro a política ten que ser así, a xente que non se desespere e no momento que se teña diñeiro e se poida executar por parte do Organismo e das persoas que lles toque gobernar que se atenderán todas as propostas, e esa é a situación nos vamos a votar en contra, non vamos a intervir máis posto que os catro puntos son os catro relacionados co mesmo, e recalcar que a nosa postura vai a ser o voto negativo.

Una vez fixadas as posicións procedese a votación do presente punto, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL) e 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG, acorda:

1º.- Aprobado con carácter inicial o expediente de modificación de créditos núm. 2/2012,

2º.- Someter a información pública por período 15 días, durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen convintes, significáanse que non caso de ausencia de reclamacións o acordó inicial elevarase a automáticamente a definitivo.

3º.- O estado resume de ingresos e gastos do orzamento queda como de seguido se transcribe:

ESTADO DE GASTOS

A) Operacións correntes



CAPÍTULO	CONSIG. ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIG. FINAL
CAPÍTULO 1	1.686.941,21 €		-	1.686.941,21 €
CAPÍTULO 2	1.828.979,82 €	797.190,12	-	2.626.169,94€
CAPÍTULO 3	110.820,00 €		-	110.820,00 €
CAPÍTULO 4	196.065,94 €	948,14	-	197.014,08 €

B) Operacións de capital

CAPÍTULO	CONSIG. ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIG. FINAL
CAPÍTULO 5	-	-	-	-
CAPÍTULO 6	770.756,51 €	285.448,01	-	1.056.204,52€
CAPÍTULO 7	-	-	-	-
CAPÍTULO 8	4.000,00 €	-	-	4.000,00 €
CAPÍTULO 9	225.000,00 €	-	-	225.000,00 €
TOTAL	4.822.563,48 €	1.083.586,27	-	5.906.149,75 €

ESTADO DE INGRESOS

A) Operacións correntes

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAL	AUMENTOS	BAIXAS	PREVISIÓN FINAL
CAPITULO 1	1.470.979,13 €	-	-	1.470.979,13 €



CAPITULO 2	80.000,00 €	-	-	80.000,00 €
CAPITULO 3	782.664,60 €	-	-	782.664,60 €
CAPÍTULO 4	1.927.546,99 €	-	-	1.927.546,99 €
CAPITULO 5	129.512,00 €	-	-	129.512,00 €

B) Operacións de Capital:

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAL	AUMENTOS	BAIXAS	PREVISIÓN FINAL
CAPITULO 6	-	-	-	-
CAPITULO 7	185.556,19 €		-	185.556,19 €
CAPITULO 8	246.304,57 €		-	246.304,57 €
CAPÍTULO 9	-	1.083.586,27	-	1.083.586,27€
TOTAL	4.822.563,48 €	1.083.586,27	-	5.906.149,75 €

PUNTO NÚM. 5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS NÚM. 3/2012.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos (6 PSDEG-PSOE e 1 NAL) E 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG) acorda:

1º.- Aprobar con carácter inicial o expediente de modificación de créditos núm. 3/2012,

2º.- Someter a información pública por período 15 días, durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen convintes, significáanse que non caso de ausencia de reclamacións o acordó inicial elevarase a automáticamente a definitivo.

3º.- O estado resume de ingresos e gastos do orzamento queda como de seguido se transcribe:



ESTADO DE GASTOS

C) Operacións correntes

CAPÍTULO	CONSIG. ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIG. FINAL
CAPÍTULO 1	1.686.941,21 €		-	1.686.941,21 €
CAPÍTULO 2	2.626.169,94€	1.507,35€		2.627.677,29€
CAPÍTULO 3	110.820,00 €		-	110.820,00 €
CAPÍTULO 4	197.014,08 €		-	197.014,08 €

D) Operacións de capital

CAPÍTULO	CONSIG. ANTERIOR	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIG. FINAL
CAPÍTULO 5	-	-	-	-
CAPÍTULO 6	1.056.204,52€		-	1.056.204,52€
CAPÍTULO 7	-	-	-	-
CAPÍTULO 8	4.000,00 €	-	-	4.000,00 €
CAPÍTULO 9	225.000,00 €	-	-	225.000,00 €
TOTAL	5.906.149,75 €	1507,35€	-	5.907.657,10 €

ESTADO DE INGRESOS



C) Operacións correntes

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAL	AUMENTOS	BAIXAS	PREVISIÓN FINAL
CAPITULO 1	1.470.979,13 €	-	-	1.470.979,13 €
CAPITULO 2	80.000,00 €	-	-	80.000,00 €
CAPITULO 3	782.664,60 €	-	-	782.664,60 €
CAPÍTULO 4	1.927.546,99 €	-	-	1.927.546,99 €
CAPITULO 5	129.512,00 €	-	-	129.512,00 €

D) Operacións de Capital:

CAPÍTULO	PREVISIÓN INICIAL	AUMENTOS	BAIXAS	PREVISIÓN FINAL
CAPITULO 6	-	-	-	-
CAPITULO 7	185.556,19 €		-	185.556,19 €
CAPITULO 8	246.304,57 €		-	246.304,57 €
CAPÍTULO 9	1.083.586,27€	1.507,35€	-	1.085.093,62€
TOTAL	5.906.149,75 €	1507,35€	-	5.907.657,10 €

PUNTO NÚM. 6.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2012.

Dase conta do Informe do Señor Secretario Xeral, de data 19 de xullo de 2012, que seguidamente se transcribe:

Asunto: Reconocimiento extrajudicial de crédito nº 1/2012 y convalidación de obligaciones adquiridas.



Visto el procedimiento incoado para el pago 1.106.111,49 Euros, con cargo al presupuesto del ejercicio en curso, derivados de gastos aprobados en ejercicios anteriores al de 2012, los cuales no fueron objeto del oportuno reconocimiento contable, así como de obligaciones que no ha seguido los esenciales y preceptivos trámites de autorización administrativa, esencialmente los previstos en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, por la cual se aprueba la Ley de Contratos del Sector Público, el funcionario que suscribe emite el siguiente informe:

INFORME:

1º.- El Principio de anualidad presupuestaria, también llamado de especialidad temporal, debe entenderse en un doble sentido, como de anualidad de aprobación y anualidad de ejecución, en el sentido de que los ingresos y gastos, previstos en el mismo, han de realizarse dentro del periodo anual.

2º.- Así el artículo 163 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo por el cual se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales establece que el ejercicio presupuestario coincidirá con el año natural y a él se imputarán.

- a) Los derechos liquidados en el mismo, cualquiera que sea el período de que deriven.
- b) Las obligaciones reconocidas durante el mismo.
- c) Las obligaciones reconocidas durante el ejercicio.

3º.- Este artículo 163, a diferencia del artículo 34 de la Ley General Presupuestaria (Ley 47/2003, de 26 de noviembre) atiende para la imputación temporal de los gastos, no al criterio de devengo, sino al criterio del contraído, es decir, criterio del momento en el que se reconoce o se liquida la obligación.

4º.- Dentro de las quiebras y, en lo concerniente al principio de anualidad presupuestaria tenemos tres figuras distintas:

- A) Los gastos plurianuales.
- B) Los expedientes de incorporación de remanentes.
- C) Los reconocimientos extrajudiciales de crédito.

Es precisamente este último supuesto el que ahora nos ocupa.

5º.- Esta figura que ya venía en el artículo 448.3 del Texto Refundido aprobado por el R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, viene regulado actualmente en el artículo 23.1 de dicho Texto Legal y en el artículo 60 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, y aunque en un principio pudiera suponer una contradicción con el artículo 173.5 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y con el artículo 47 de la Ley General Presupuestaria (Ley 47/2003, de 26 de noviembre) que declara nulos de pleno derechos los actos administrativos y las disposiciones generales



con rango inferior a Ley que incumplan esta limitación, sin perjuicio de las responsabilidades reguladas en el título VII de esta Ley, la Jurisprudencia del Tribunal Supremo ha declarado en doctrina reiterada, que son de obligado cumplimiento los compromisos adquiridos aún con infracción de precepto y todo ello basado en el artículo 20 de la Ley 47/2003 General Presupuestaria que establece que las obligaciones económicas del Estado nacen de la Ley, de los negocios jurídicos y de los actos o hechos que, según derecho, las generen, y el propio Código Civil que en su artículo 1089 enumera entre los actos o hechos generadores de obligaciones “los actos y omisiones ilícitos o en que intervengan culpa o negligencia”.

El hecho de no reconocer las obligaciones asumidas basándose en el principio de anualidad presupuestaria daría lugar también a aplicar la teoría del enriquecimiento injusto o sin causa para la Admnsitración.

Todo ello sin perjuicio de la responsabilidad de carácter civil, penal o disciplinaria a que hace referencia el artículo 175 de la Ley 47/2003 General Presupuestaria.

6º.- Una vez finalizado el ejercicio presupuestario de 2012 y en ejecución del Plan de Pago a Proveedores del Real Decreto Ley 4/2012, de 5 de marzo, por el cual se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedroes de las entidades locales, habiendo sido objeto de aprobación y remisión al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas una relación certificada de todas las obligaciones pendientes de pago en los términos del artículo 4º de dicho Real Decreto Ley, Plan de Ajuste del art. 7 aprobado en la sesión Plenaria del día 28-03-2012 y valorado favorablemente por la Secretaria General de Coordinación Autonómica y Local de la Secretaria de Estado de Administraciones Públicas del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas con fecha 30 de abril de 2012, figura nuevamente créditos por valor de 1.106.111,49 Euros que no fueron reconocidos en los ejercicios correspondientes al carácter de crédito presupuestario, por lo tanto, la única solución posible para solucionar este problema es acudir a las previsiones legales mencionadas anteriormente y aprobar el reconocimiento en base al artículo 50.12 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre.

7º.- La mayor parte de las obligaciones derivadas de las facturas objeto de reconocimiento y convalidación podrían haber sido objeto de tramitación mediante la figura de contrato menor previsto en la citada Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos de las Administraciones Públicas, que únicamente requiere de la aprobación del gasto y posterior reconocimiento de la obligación, sin necesidad de formalización de contrato administrativo, tal como se desprende de dicha figura prevista en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos del Sector Público, avalada por la interpretación que efectúa la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Ministerio de Economía y Hacienda –Dirección General del Patrimonio del Estado- en el Informe núm. 40/95, de 7 de marzo de 1996 “Contratos Menores”.



Tal es mi informe, no obstante el Pleno de la Corporación o la Junta de Gobierno con su superior criterio acordará lo que estime conveniente, significando que con arreglo a las bases de ejecución del presupuesto y a tenor de lo previsto en el artículo 23.e) del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el cual se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales vigentes en materia de régimen Local, en caso de existencia de consignación presupuestaria la competencia para su aprobación corresponde a la Alcaldía, a sensu contrario, de no existir consignación presupuestaria su aprobación correspondería al Pleno de la Corporación.”

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos (6 PSDEG-PSOE e 1 NAL) E 6 votos en contra (4 PP e 2 BNG) acorda: Prestar a súa aprobación o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos o cal comprende un total de 828 facturas por importe total de 1.106.111,49 Euros.

PUNTO NÚM. 7.- OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO R.D.L. 4/2012.

Visto que con data 30 de abril de 2012, recibíuse informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre o Plan de Axuste elaborado por esta Entidade Local.

Visto que con data sete de maio de 2012, emitiuse informe de Intervención en relación co procedemento.

Visto que con data sete de abril de 2012, emitiuse informe de Tesoureira en relación co establecemento dos criterios para prioridade de pago.

Examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 10 do Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determina obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago os provedores das entidades locais, o Pleno adopta por maioría de sete votos a favor (6 P.S.O.E. e 1 N.A.L) e seis en contra (4 P.P. 2 B.N.G) o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de concertación da operación de endebedamento a longo prazo para financiar as obrigas de pago abonadas no mecanismo por impor de 4.802,37 Euros.

As condicións financeiras serán fixadas por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.



SEGUNDO.- Remitir unha copia do expediente tramitado ó órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, tan amplamente como en dereito proceda, para a realización de todos cantos trámites foran necesarios ou convenientes en orde á execución do acordado, así como para outorgar, no seu día os correspondentes documentos de formalización.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia procede a dar conta das Resolución s adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 9.- MOCIONS E PROPOSTAS.

A) Moción do BNG: Revisión acordo exención IBI Igrexa Católica.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“Moción que se presenta ao Pleno relativa á revisión do acordó de exención do pagamento do Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI) por parte da igrexa católica, ou compensación en tanto non se produza a revisión.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional. Parte destes privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do



pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe, tal e como contempla a letra c) do primeiro punto do artigo 62 do "Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Leí Reguladora das Facendas Locáis", unha exención que se estende tamén a outras asociacións confesionais non católicas.

Na situación actual de grave crise económica, cunhas consecuencias que están a repercutir en toda a poboación, que sofre recortes laboráis, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprendible -tendo en conta ademais a delicada situación financeira no ámbito local- que a Igrexa Católica teña o privilexio de non tributar aos concellos polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe financiamento directo e subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais. Nun informe de 2010, a Dirección Xeral do Catastro daba cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica en Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais.

É necesario repartir con xustiza os custos e esforzos da crise, tamén no ámbito fiscal. Neste sentido, o BNG ten demandado en numerosas ocasións a necesidade de acometer unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incremente a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permita incrementar os ingresos públicos, gravando con maior progresividade as rendas de capital ou os grandes beneficios empresariais, así como a creación dun imposto sobre as grandes fortunas.

Xusto o contrario do que realizaron os últimos gobernos do Estado, cuxa política fiscal é regresiva, e afecta a quen ten menos recursos. O Goberno do PSOE incrementou o IVE, mentres que unha das primeiras medidas do Goberno de Rajoy foi precisamente incrementar o IBI, nalgúns concellos ate o 10%, e o IRPF (Real Decreto - Lei 20/2011), mentres que na Xunta de Galiza, Feijoo esqueceuse da súa promesa de rebaixar o IRPF.

O BNG vén reclamando dende fai tempo tanto a revisión dos Acordos coa Santa Sede como, nomeadamente, a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa. Son numerosas as iniciativas que o BNG vén levando a cabo neste sentido. A instancias do BNG, en marzo deste ano debateuse no Congreso dos



Deputados unha proposición non de lei que instaba ao goberno a revisar os acordos coa Santa Sede para adecúalos ao carácter aconfesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada eos votos en contra de PP e CiU. Tamén en marzo, o BNG rexistrou no Congreso unha proposición non de lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmóbeis que posúe, unha iniciativa que aínda non foi debatida.

É tempo de corrixir esta situación e de rematar con privilexios que resultan discriminatorios para a maioría da poboación que sofre consecuencias graves polas políticas de recortes nos servizos públicos, por parte dos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado, mentres debe seguir a pagar os seus impostos. Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.

2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos Concellos galegos.

4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.”

O Sr. Secretario Xeral, manifesta que quedou unha Moción do BNG sen incluír na Orde do Día, que quedou trasapelada.

O Sr. Mesias Farias, pregunta se se pode incluír despois pola vía de urxencia.



Resposta o Sr. Secretario que sí.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías, O BNG ven reclamando dende hai tempo a revisión dos acordos coa Santa Sede, entre eles tamén a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa, son moitas as inciativas que o BNG levou a cabo neste sentido, a instancia do BNG xa en marzo deste ano, adoptouse no Congreso dos Deputados unha proposición non de Lei que instaba ó Goberno a revisar os acordos coa Santa Sede, e para adeacualos ó carácter acofesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular, e CIU, logo en marzo tamén o BNG, rexistrou no Congreso unha proposición non de Lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmobles que posue, unha iniciativa que aínda non foi debatida, logo para corrixir esta situación e rematar con eses privilexios que nos entendemos que resultas discriminatorios para a maoiria da poboación, que sofre graves consecuencias polas políticas de recortes nos servizos públicos, nos o Grupo Municipal do BNG solicitamos a este Pleno a adopción dos seguintes acordos :

- 1.- Instar ao Governó do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.
- 2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.
- 3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os punto anteriores, e xa que logo, insten ao Governó do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos Concellos galegos.
- 4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.”

Interven o Voceiro de NAL, quen manifesta: Eu rapidísimamente dado que xa incluso que se comentou que vai haber outra moción máis pola vía de urxencia, eu



para fixar o posicionamento simplemente dicir que eu na exposición de motivos, poido estar en algúns aspectos a favor, pero o que vexo aquí e certo tufillo de ir en contra da relixión católica, non pois os acordos non son só coa relixión católica, senón que hai outras comuniades relixiosas, que veñen recollidos nos acordos tanto na Lei Reguladora das Facendas Locais, como na propia Constitución, no artigo 16 onde veñen reflexados estes mesmos acordos, polo tanto eu creo que, esto ademais dunha proposta de modificación da Lei, tería que modificarse no meu entender a Constitución Española, e outro detalle que voto de menos ahí que se fala do IBI pero tamén recolle o ICIO hai convenios con respecto a exención do ICIO das comunidades Relixiosas, polo tanto a miña posición vai a ser a abstención.

Interven o voceiro do Partido Popular, nos vamos a votar en contra, porque entendemos que hai un acordo, coa Santa Sede dende o ano 1979 que se ven cumprindo non so a Igrexa Católica a que está exenta do IBI senón que hai un acordo do Estado Español, co resto das confesións como pode ser a Islámica, dicir que non é certo que todos os edificios da Igrexa Católica estén exentos, soamente os que están adicados ó culto, e que entendemos que a Igrexa Católica o Partido Popular aparte de isto está facendo que a colaboración da Igrexa Católica e o Estado funcionen satisfactoriamente responde ós postulados constitucionais, e xa foron por parte de varios partidos políticos, foron interpostas denuncias ó Tribunal Constitucional, e responde a que todos os acordos que chegaron son postulados constitucionais. A parte de isto produce uns beneficios á sociedade Española, como pode ser o de Cáritas ou outras actividades que a Igrexa Católica ten co Estado, está facendo unha labora social importante e máis agora neste tempos, de crise que si non chega a ser cáritas, e as Asociaciónes católicas que están gratuitamente facendo un servizo importantísimo á Sociedade, isto sería tres ou catro veces peor, non soamente hai que ver as casas de acollida e por Cáritas, e outros servizos da Igrexa que están a disposición gratuitamente da cidadanía, que o Estado non pode comprometerse nin ten partidas económicas, para solvertar todos estes problemas porque eso conlevaría, a moitos miles de millóns de euros, porque o máis importante é a colaboración cidadán gratuita que se está facendo, desta situación e dicir que non é certo que a Igrexa Católica todos os inmobles estén exentos do IBI, non é soamente ó da Igrexa Católica, hai edificios como poden ser hoteis que están en Patrimonio, hai edificios que están os sindicatos nas grandes cidades, están exento do IBI porque a súa edificación está protexida, e o meterse coa Igrexa Católica é unha política que non leva a ningún lado, aquí os referides á Igrexa Católica pero aquí hai outros cultos como poden ser os islámicos



e outros máis, que están exentos do mesmo, creo que non é o momento máis adecuado para revisar isto, despois da labor social que está a facer a Igrexa Católica, e creo que é unha política equivocada, non hai nada que dicir e nos vamos a meter coa Igrexa Católica, o mellor algúnhas cousas haberá que estudialas e reformalas, pero que de momento agora mesmo, meterse coa Igrexa Católica cando está facendo unha labora social importante neste país, creo que non vai a ser o momento máis oportuno.

Interven o Sr. Mesias Farías, quen manifesta que esta releendo outra vez a Moción, e eu non sei onde pon que isto vai en contra da Igrexa Católica, respondo a NAL e respondo o PP, estamos a falar simplemente de que se revise un acordo, que houbo asinado a Santa Sede, me falades de outras confesións, e eu digo que as outras confesións, están na mesma situación porque isto é a vara de medir, entonces se se revisa isto as outras confesións iran na mesma liña, ninguen dubida da capacidade e do traballo que fai no campo social, e no campo cultural a Igrexa Católica, como tamén o fan outras organización, pero isto non ten nada que ver co IBI e da mesma maneira tamén reciben subvencións para eso, entonces eu creo que estades mentendo aquí varias cousas no saco que nada teñen que ver, isto so se refire a uns privilexios dos que goza a Igrexa Católica, sobre todo referido o IBI, nada mais.

Interven o SR. Manuel Cendán: Non soamente a Igrexa Católica, a Igrexia Evanxélica, a Comunidade Israelita, e a relixión Islamica están exentos de isto, aquí en Ares temos dous, a Evanxélica e a Católica, ningunha das dúas paga, e se solicitan licenza municipal, e están exentos tanto unha como a outra, por eso digo éu que é unha moción inoportuna, meterse agora coa Igrexa Católica, cando sabemos que está a facer unha labor social importante, e cando hai outros temas, a mín me parece ben, que se revise isto, pero como dixen hai hoteis que están exentos do IBI, hai locais dos sindicatos a nivel nacional que están exentos do IBI, entonces se vamos a meternos con isto da Igrexa vamos a retócalo todo, porque non pagan os grandes hoteis, porque non pagan os sindicatos, pois haberá que meterse con eso, non soamente coa Igrexa Católica, pero creo que está feito para todas as Confesións Relixiosas deste país, que están exento do IBI, e eu a maiores pois dixen o que tiven que dicir, a verdade, hoxe a igrexa Católica na situación que estamos en Ares o podemos ver non temos que ir máis lonxe, Cáritas está facendo unha labora importante, a parte do servico que esta dando ó Concello no tema de emerxencia Social e outros temas, esta a Igrexa Católica detrás e hai unha colaboración, e as últimas informacións deste foron dadas nunha Comisión



Informativa polo Sr. Alcalde, creo que eso o temas que considerar e se nos temos que meter con esto a nivel nacional, e abrir un gran debate, de quen paga o IBI e quen non o paga, igual nos sorprendemos, igual levamos unha sorpresa, a nivel nacional, por eso digo éu que esto hai que tomalo e abrir un gran debate, e meterse con todo o mundo non soamente coa Igrexa Católica.

Fixadas as posicións dos Grupos procedese á votación, e o Pleno do Concello por 2 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, 4 Votos en Contra do Partido Popular, e 7 abstencións (6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL), acorda rechaza-la Moción presentada polo BNG.

B) Moción do BNG: Medidas Económicas e Reforma do Réxime Local do Goberno do PP.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

Exposición de Motivos

O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alen de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos



para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as vecinas e os vecinos demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propon polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita



económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos - potenciando ás deputacións provinciais.

2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.

3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte ñas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.”

Interven voceiro do Grupo Municipal do BNG Sr. Mesías Farías, esto ven a colo do anuncio da Reforma do Réxime Local e maneira unilateral pola que



está facendo o goberno todas estas medidas. Dando seguidamente lectura os catro puntos de acordo que solicita a Moción.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, eu aínda que isto daría moito xogo, dos catro puntos que veñen aquí para acordar cada un deles daría para moita argumentación, polo tanto como estamos dicindo que o tempo nos apremia dadas as mocións que hai que se poden extender, non vai a ser pola miña parte que eu me vaia a extender nestes temas. Dicotir que na exposición de motivos da Moción nosoutros consideramos que podíamos aplicarlle outro tipo de matices sin estar moito de acordo coa exposición, si dicir que estamos de acordo fundamentalmente cos catro puntos da Moción, e que noso voto vai a ser favorable.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Nos no primeiro punto podemos coincidir, nos vamos a presentar unha emenda transaccional, creemos que a autonomía municipal non se debe vulnerar, e no resto non coincidimos, sabemos que a situación económica deste país, é a que hai, a que se heredou durante os últimos 8 anos dunha política de gasto de alegría e agora hai que pagar o que se debe, hai que resumilo así, nos nos endebedamos pedimos diñeiro e hai que pagalo, e a situación económica do país é a que é e non vamos agora a dilatar a situación, e da lectura á seguinte Emenda Transaccional:

“

EMENDA TRANSACCIONAL.

Dirixirse ao Goberno de España para que reconsidere as medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións públicas sobre a Reforma da Lei de Bases de Réxime Local e para que se abra unha negociación coa FEGAMP e coa FEMP, coa participación das Comunidades Autónomas co obxecto de aprobar unha nova normativa en materia de réxime local que, partindo do recoñecemento de autonomía política e administrativa dos gobernos locais, permita ter en conta a problemática específica dos municipios galegos ao tempo que contribúa a eliminar as duplicidades existentes entre os



diversos niveis do goberno, asegurando o recoñecemento de competencias ás entidades locais e un marco financeiro acaído para o exercicio das mesmas.”

O Sr. Alcalde, pregunta ó Voceiro do BNG se acepta a emenda transaccional: Resposta o Voceiro do BNG que non á acepta.

Acto seguinte sometese a votación a emenda transaccional, e o Pleno do Concello por 4 votos a favor do grupo municipal do PP, e 9 votos en contra (6 PSdeG- PSOE, 2 BNG e 1 NAL), ACORDA rechazar a emenda transaccional presentada polo Grupo Municipal do P.P.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 9 votos a favor, (6 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 NAL) e 4 votos en contra (4 P.P.), acorda rechaza prestarlle a súa aprobación á Moción do BNG e en consecuencia a adoptar os seguintes acordos:

1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos - potenciando ás deputacións provinciais.

2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.

3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte ñas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha



caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.”

C) Moción do BNG: Supresión COPAGO farmacéutico ás persoas pensionistas.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

Exposición de Motivos

O pasado 1 de xullo entrou en vigor o novo copago farmacéutico imposto polo Goberno do Estado que incorpora ao copago a máis de 725.000 pensionistas e aumenta a aportación de centos de miles de persoas activas.

O copago farmacéutico é un sistema inxusto e insolvente. Quedan fóra de financiamento medicamentos fundamentais que non teñen alternativa en Galiza, nin ñas farmacias nin ñas distribuidoras. Persoas con tratamentos crónicos deixaron de retirar a súa medicación pola imposición deste copago.

As persoas obrigadas ao copago farmacéutico poideron xa comprobar desde un primeiro momento como a realidade do recorte as afectaba gravemente. De feito pensionistas con persoas que dependen da súa cartilla, teñen que soportar un duplo ou triplo tope de 8 ou 18 euros. Ademáis existen reclamacións sobre as novas porcentaxes aplicadas a persoas activas que merecen a desatención do SERGAS e obrigando ás persoas doentes a que reclamen na Seguridade Social.

Para xustificar todo isto falan do destino destes cartos para a construción de novos centros sanitarios, pero a realidade a falta de persoal sanitario para atender dignamente os centros que existen. Están a vender a ilusión de novos centros de saúde no futuro coas pensions das persoas xubiladas e viúvas enfermas.

Esta medida non se implantou por igual en todo o territorio do Estado xa que algunhas comunidades autónomas elaboraron normativas propias grazas ás competencias que teñen atribuídas, compensando esta medida tan lesiva e evitando que as persoas pensionistas vexan reducidas as súas pensions polo feito de ter enfermidades, obrigadas a contribuir á rebaixa do déficit do Estado ou para colaborar no pago do rescate á banca privada española.

O Goberno galego ten as mesmas competencias e a mesma capacidade para evitarlle ás persoas enfermas e pensionistas que residen en Galiza este recorte dos seus ingresos, pero o goberno do PP na Xunta toma a decisión de non facelo, para non ser un problema para Madrid, xa que prefire ser un problema para as persoas pensionistas de Galiza.



Queremos outra xestión sanitaria, que non se centre en recadar das persoas enfermas senón en atendelas dignamente, nunha sanidade que sexa un elemento de redistribución de riqueza e que sexa financiada suficientemente dende os impostos. O Goberno galego está a tempo de rexeitar estas medidas retrógradas e insolventes impostas polo PP dende o Goberno do Estado.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo Goberno do Estado ñas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, manifestando que basicamente vai a ir os acordos da Moción, queremos outra xestión Sanitaria que non se centre en recadar das persoas enfermas, senón atendelas dignamente nunha sanidade que sexa un elemento da redistribución da riqueza e financia suficientemente desde os impostos, o goberno galego está a tempo de rexeitar esas medidas retrogradadas impostas polo PP desde o goberno do Estado, por eso que presentamos esta moción e que ten como acordo:

Instar á Xunta de Galiza a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo Goberno do Estado ñas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas.

Interven o voceiro de NAL, manifestando que simplemente dicir que seguramente a reforma da Lei non é xusta de todo como lle gustaría a moita xente, pero o que si teño claro e non agora despois da reforma, senón moitísimo antes, creo que con certo criterio ó respecto, de que si agora é inxusta, antes a nosa opinión era moitísimo máis, porque agora practicamente vai en función do IRPF, e antes falar aquí da totalidade dos pensionistas non me parece o máis xusto, posto que hai personistas que cobran 400 euros, pero os hai que cobran 2300 euros, e non me parece xutos que unha persoa que gaña 400 lle teña que financiar ó de 2300 euros, polo tanto dentro dos pensionistas ese matiz eu creo que é xusto, non temos porque pagar a xente que recibe bastante menos, a este tipo de xente pagarlles e financiarlles o 100% os medicamentos, polo tanto o noso voto vai a ser en contra desta Moción.



Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Creo que está claro que a medida xa esta posta en vigor, que non é certo as afirmacións feitas por esta Moción, dicir que se incrementou nos tramos que superan os 18000 euros se incrementou do 40 o 50, e dicir que os parados que non cobraban ningunha prestación que viñan pagando o 40%, agora están exentos, o tema das pensións exactamente igual, o que non pase dun tope que deben ser 18000 euros ó ano, van a estar exentos, e o tramo das pensións que pasen dos 100.000 euros pasan do 40 ó 60, eu creo que esa xente, unha persoa que está cobrando sobre 100.000 euros que pague os medicamentos, creo que as medidas son xustas, esto conleva a unha situación de revisión, non soamente polo estado económico do país, senón que como vimos dicindo hai pensionistas, que deben pagar e outros que non deben pagar, e hai xente que esta en activo que debe pagar e outros que non deben pagar, e eso ten que ir compensado polos ingresos que ten cada un, o non pagar por ser pensionistas, eso non é xusto, ou ter que pagar como viñan pagando os parados que non cobren ningunha prestación o 40%, e xente que cobra que non pagará eso era inxusto, eso quedou claro, e como sabemos todos, hai pensionistas que o máximo que van a pagar son 8 euros, creo que a situación económica vai a ser temporal, e cando se solvente a situación económica esta xente dos 8 euros vai a deixar de pagar.

Rematado o debate pola Alcaldía-Presidencia sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 2 do BNG) e 5 votos en contra (4 do PP e 1 de NAL), acorda prestarlle a súa aprobación a Moción anteriormente transcrita.

D) MOCIÓN DO PSOE: Rexeitamento a fumigación aérea coa cascade por parte de ASPAPEL, coa avaliación da Xunta para o control do goniptero do eucalipto.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

- Visto que desde comezos do mes de abril algún propietarios de montes particulares e Comunidades de Montes Vecinais en Man Común veñen recibindo, os primeiros desde as suas PROMAS e as segundas directamente polo persoal da Consellería de Medio Rural, comunicación instando a autorizar a fumigación aérea dos seus montes de eucalipto co produto Cascade.

- Visto que nesas comunicación se informa de que as fumigacións son gratuítas, pola conta de ASPAPEL (organización das papeleiras), e van avaladas pola Xunta e que o Cascade e



inofensivo para as persoas e animais con pouca perigosidade para as abellas e insectos voadores.

Visto que a normativa europea vixente contradi o mantido nas devanditas comunicación nos seguintes termos:

DECISIÓN DA COMISIÓN de 9 de febreiro de 2012 relativa á non inclusión do flufenoxuron para o tipo de produto 18 nos anexos I, IA ou IB da Directiva 98/8/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á comercialización de biocidas 2012/77/UE:

* apartado (5): a avaliación de riscos para os compartimentos ambientais obxecto de estudo, levada a cabo cun plantexamento realista, demostrou **efectos inadmisibles para o compartimento acuático**. Ademais, as características do flufenoxurón fanno **persistente, bioacumulable e tóxico, así como moi persistente e moi bioacumulable**, de conformidade cos criterios establecidos no anexo XIII do Regulamento (CE) núm. 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello. Por conseguinte, non procede incluír nos anexos I, IA ou IB da Directiva 98/8/CE o flufenoxurón para o seu uso no tipo de produto 18.

* artigo 1: o flufenoxurón (nº CAS 101463-69-8; nº CE 417-680-3) **non se incluír nos anexos I, IA, ou IB da Directiva 98/8/CE para o tipo de produto 18.**

***artigo 2;** aos efectos do artigo 4, apartado 2, do Regulamento (CE) nº 1451/2007, os biocidas do tipo de produto 18 conteñan flufenoxurón **deixarán de comercializarse con efectos a partir do 1 de agosto do 2012.**

DIRECTIVA 2009/128/ce DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 21 de Outubro DE 2009 pola que se establece o marco da actuación comunitaria para conseguir un uso sostible dos plaguicidas:

* artigo 9: Pulverización aérea, aparta 1: **Os Estados membros garantirán a prohibición das pulverizacións aéreas.**

- **Considerando** que de acordo co aquí exposto as fumigacións aéreas con flufenoxuron, tanto polo produto como polo método empregado, vulneran dobremente o actual marco xurídico europeo.

- **Considerando** que a toxicidade do flufenoxuron non afectará so ao gorgollo, senón tamén aos insectos polinizadores como as abellas (coas consecuencias que isto acarrearía para a agricultura) e o propio *Anaphes nitens* (o parasito empregado para o control biolóxico do gorgollo).



- **Considerando** que os efectos na agricultura poden ser especialmente prexudiciais para a agricultura ecolóxica, xa que debido a persistencia do flufenoxuron poderá dar positivo nas análises no chan durante anos.
- **Considerando** que segundo a UE se teñen demostrado os efectos, inadmisibles para os ecosistemas acuáticos, polo que afectará gravemente aos nosos recursos pesqueiros e a riqueza dos nosos humidais protexidos (LICs).
- **Considerando** que por todo o aquí exposto unha eventual fumigación aérea nalgún punto do noso concello podería afectar a todo o ámbito municipal, a través da dispersión aérea ou polas augas.
- **Considerando** que é moi biocamulable, polo que no curto prazo supón un risco para toda a cadea trófica ata chegar aos nosos veciños, non tendo sido os seus efectos na saúde desbotados pola UE.

O Pleno Municipal do Concello de Ares adopta os seguintes Acordos:

PRIMEIRO.- Non permitir as fumigacións aéreas con CASCADE no termino municipal de Ares.

SEGUNDO.- Instar á Xunta a que non autorice as fumigacións con CASCADE previstas por ASPAPEL.

TERCEIRO.- Estudar as medidas pertinentes para fomentar a nivel municipal unha xestión forestal sostible, que respecte o entorno e a saúde das persoas.”

Interven o SR. Alcalde, manifestando que hai un sentir na Comunidade científica, e tamén na comunidade podemos dicir agropecuaria, porque está claro que os intereses forestais están a favor, pero na comunidade agropecuaria que se dedica ó gando e a agricultura, na comunidade científica hai unha gran preocupación pola toxicidade do flufenouxon que implica efectivamente a desaparición das abellas, din que o uso deste axente toxico non so afecta ó chamado gorgollo do eucalipto senón que tamén afecta a insectos polinizadores e concretamente pois as abellas, sabemos que as abellas están desaparecendo dunha maneira moi lamentable moi preocupante no entorno e no contexto bioloxico, e en consecuencia esa é a razón pola que presentamos a Moción para que loxicamente no Concello de Ares non se faga dita fumigación.

Aberto o turno de intervención toma a palabra o voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán; Eu en honor a verdade deste tema non sabía nada, me empecei a enterar un pouco cando se presentou esta Moción, pero a loxica e os argumentos que me levan a votar favorablemente e máis que nada polo uso, a forma de cascada, o mellor había outra



metodoloxía á hora de aplicar este tipo de fumigacións, simplemente dicir a forma a digo que pode afectar, como se esta comentando agora mesmo por parte do Alcalde pode afectar a outros aspectos da natureza, eu creo xa digo, que aínda que non teño moitos datos sobre o tema, a aplicación nin queixas aquí en canto o termino municipal, pero si que é unha competencia municipal deixar a aprobación definitiva, no caso para que se poida atallar esta fumigación polo noso termino municipal. Polo tanto o meu voto vai a ser favorable a Moción.

Interven o Voceiro do Partido Popular SR. Manuel Cendán: Nos en principio deixar claro que estas afirmacións non son certas, as da Moción, non é certo que a Xunta de Galicia este promovendo ningún tipo de fumigación mediante insecticida denominado no **flufenoxuron** para tratar o gorgullo do eucalipto nin esta colaborando na súa realización, creo que isto é unha falsidade e que por parte, dos que pretenden a Moción haberá que contrastar a súa veracidade se eso é certo ou non é certo, posto que presentar mocións ou afirmacións que non son certas nin reais, e que nos vamos a votar en contra porque non é, a situación é real de que a Xunta está detrás de todo isto.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que esta moción foi aprobada no Concello de Narón, e foi remitida polo Concello de Narón ó resto dos Concellos da Mancomunidade, e efectivamente puxo de manifestó a autorización da Xunta Galicia de facer estas fumigacións e en consecuencia, a practica das mesmas pola Industria da celulosa, polos madeiros que compran o eucalipto para facer pasta de papel, en consecuencia a Consellería de Medio Rural autorizou estas fumigacións, entónces isto é certo, loxicamente en numerosos concellos e concretamente na nosa comarca foi, o Concello de Narón o que iniciou a aprobación en Pleno destas Mocións.

Toma a palabra o Voceiro do PP SR. Manuel Cendán: Sigo insistindo que isto non é certo porque a Praga esta non fai falla facer fumigacións aéreas, senón que isto se trata desde terra, o tratamento do gorgullo se fai desde terra non desde o aire, se hai que facer este tratamento se fai desde terra, e non se fai voando.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que en calquer caso a Moción pide que non se faga voando, entónces se hai que facelo desde terra que se faga, aquí non se di que non se faga desde terra, se di que non se faga voando.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 NAL) E 4 votos en contra do Grupo Municipal do PP, acorda prestarlle a súa aprobación, a Moción anteriormente transcrita.



Rematados os asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o punto de rogos e preguntas, polo SR. Alcalde preguntase os voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola Vía de Urgencia, presentando o grupo municipal do BNG a seguinte Moción:

MOCION AO PLENO DO CONCELLO E ARES SOBRE A SITUACIÓN DOS VÍAIS MUNICIPAIS E UN PLAN DE CONSERVACION PARA OS MESMOS.

E necesario facer un balance logo de transcorrido un ano dende o inicio da presente lexislatura e cinco do seu goberno, para facer unha diagnose do estado no que se atopan as vías de titularidade municipal do noso concello, resultando evidente o seu **estado lamentabel e un abandono total das mesmas**, tanto as que son e foron obxecto das obras das distintas administración –carentes dun seguimento por parte do noso goberno municipal –como as que durante estes anos non tiveron por parte do noso goberno municipal –como as que durante estes anos non tiveron mantemento adecuado ou ben inexistente, abandonadas na práctica, a pesar que non ano 2008, se aprobara por unanimidade unha moción do BNG na que se solicitaba:

- 1.- Que por parte dos servizos técnicos municipais –ou no seu defecto por imposibilidade por parte dunha Consultoría externa – se proceda a elaboración dun informe sobre a situación da rede viaria municipal ben no caso de vías urbanas ou dos camiños dos núcleos rurais.
- 2.- Que á vista do devandito informe se elabore proxectos técnicos de actuación no conxunto dos viais, partindo das prioridades que se fixen en función do nivel de deterioro que se reflicte no punto anterior.
- 3.- Que co obxecto de dota economicamente esta actuación con carácter prioritario se proceda a tramitar o oportuno expediente de modificación de créditos para atender no presente exercicio unha primeira fase do mesmo; procurando ao mesmo tempo ou paralelamente a colaboración doutras administración na elaboración deste Plan”.
- 4.- Que de cada aos orzamentos do 2009 se inclúa nos mesmos a partida suficiente para atender as necesidades urxentes en materia de conservación e reparación dos viais municipais”.

Compre mencionar que este goberno municipal foi INCAPAZ de articular un plan plurianual con asiganción económica (lembramos que este ano só figuran 45000 euros para mantemento e infraestructuras) para o mantemento das vías urbanas da súa titularidade no cal se programara traballos como:



1. Limpeza de maleza nas vías urbanas.
2. Rebacheo e mantemento de vías.
3. Canalizacións de augas nas vías e limpeza das cunetas.

Á vista da situación antedita, demandamos do goberno municipal:

1. Que por parte dos servizos técnicos municipais se proceda a elaboración dun informe sobre a situación da rede viaria municipal, sexa o caso de vías urbanas ou dos camiños dos núcleos rurais.
2. Que, unha vez concretada a prioridade en función da situación que se evidencie no informe anterior, se deseñe un plan con asignación económica para a súa execución plurianual co obxecto de manter as vías de comunicación interna nun estado de conservación transitábel e seguro para os seus veciños/as.
3. Que dito plan sexa exposto na comisión informativa de obras e servizos para o seu debate e ditame, facendo constar nel tanto o informe dos servizos para o seu debate e ditame, facendo constar nel tanto o informe dos servizos técnicos que se require no punto 1 así como un plan plurianual de limpeza e conservación no que se refire a desbroce de maleza das vías de titularidade municipal.”

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias para xustificar a urxencia, esta moción estaba presentada o día 13, cando tivemos a xunta de voceiros non foi, e como non a presentara eu, quixen preguntarlle ó compañeiro se a presentara, e si quedara rexistrada, unha vez que me dixo que si, a traemos aquí pola vía de urxencia para incluíla neste Pleno que é cando toca.

Sometida a votación a urxencia, o Pleno do Concello por sete votos a favor (2 BNG, 4 PP e 1 NAL) e 6 abstencións do Grupo Municipal do Partido Socialista, acorda ratifica-la urxencia da Moción.

Toma a palabra o Sr. Fernández Permuy, bo día a todos e a todas, primeiro que nada esta moción se presenta pola situación dos viais municipais. Os viais municipais todos os anos están a ter un mantemento baixo o noso punto de vista ineficiente e nulo casi, por eso nos facemos un pouco de historia e queremos lembrar aquí o que pasou no ano 2008, nos no 2008 habíamos presentado unha moción e máis ou menos no mesmo sentido, onde requeríamos do goberno municipal que os servizos técnicos pois elaboraran un informe sobre a situación da rede vial e de camiños dos nosos nucleos non, que nese informe se valorase aqueles camiños que tiveran unha situación máis prioritaria, e que se fixera un plan



plurianual para ir reparando os camiños e para ir mellorando as nosas vías de comunicación internas. Ben esta nova moción o que quere facer é un chamamento de atención ó novo goberno municipal, porque nos entendemos que temos que dar exemplo, e ten que coidar as suas vías de comunicación internas, e non soamente mantelas en situación de seguridade para os cidadáns e para os vehículos senón tamén que leve a cabo un desbroze e limpeza da maleza que hai nas vías, nos non podemos estar continuamente agardando ó verán, a cando sexan festas dos diferentes núcleos para pasar a máquina, nos entendemos que hai que facer un plan plurianual, primeiro antes que nada que os servizos técnicos municipais elaboren un informe sobre a situación dos camiños, e en función dese informe que se concreten as prioridades, que se faga un plan de asignación económico para a execución plurianual, co obxecto de manter as vías de comunicación nun estado de conservación transitible, e que dito informe vaia á Comisión Informativa de obras para o seu debate e dictame, eu penso que todos os que estamos aquí damos unha volta polos nosos camiños e a súa situación non mellora, sempre agardamos a última hora o que comentaba antes, que sexan as festas, ou algún acto para a limpeza de camiños, nos entendemos que hai que facer un Plan Plurianual e que leve a conservación dos nosos camiños, e ese é o contido da nosa Moción.

Toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu en primeiro lugar dicir que este é un tema que debería pasar por Comisión Informativa, penso eu, este é un tema unha proposta de comisión, imaxino que o goberno terá elaborado un plan e non sei a capacidade presupuestaria que hai para facer agora unha operación global de todo o municipio, non sei se será a necesaria para deixar nun estado normal o que son os camiños e as estradas como ben di o voceiro do BNG, dicir que ademáis pide un informe dunha asesoría externa incluso.

Interven o SR. Fernandez Permuy, eso é do 2008 Luis.

O SR. Luis Cendán Fernández: Dicir que si é verdade que hai camiños que non están no estado que debían de estar, pero me imaxino que será por falta de recursos, agora mesmo eu non teño os orzamentos aquí, e non sei o que está na partida, simplemente teño que respostar a esta Moción aquí, que por outras razóns, non se presentou o Pleno en tempo e forma, eu penso que esto debe pasar para un maior estudio a Comisión Informativa, pasala o Concelleiro de Urbanismo, que elabore un Plan que creo que non vai a ter ningún problema, os técnicos xa digo eu que non de todos pero de moitos camiños xa teñen coñecemento de sobras para dicir no



estado actual que están, polo tanto eu non te vou a comprometer aquí, ou comprometer a miña palabra se hai partida suficiente para amañalos todos, eso si que non o podo dicir, pero bueno para eso están as Comisións Informativas e o que pretendo é lévalo a Comisión Informativa e dar a opinión ali e os matices, pero traelo a un Pleno aquí unha cuestión ordinaria como pode ser esta, un caso concreto non me parece a mellor vía, polo tanto eu non vou a entrar hai, en canto a lexitimidade da presentación da Moción polos proponentes, cada un fai o que lle parece, parece-me ben desde o punto de vista político que presenten esto, pero eu teño que pronunciarme e teño que dicir o que penso, polo tanto esta miña opinión é que vaia a Comisión Informativa e que se evalúe por parte dos técnicos a situación real tanto de obra en sí como do orzamento da mesma, polo tanto o meu posicionamento vai a ser que vaia á Comisión de Urbanismo directamente.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Nos no orzamento do ano 2012, cando se presentou no debate xa advertimos desta situación, dixemos que había que incrementar e cando se presentaron as alegacións o presuposto, que nos presentamos alegacións na partida de camiños incrementamos tres partidas que recordo así, que era incrementar casi o dobre a partida de camiños, meter unha partida económica para amañar o Concello vello que está abandonado totalmente, e unha partida económica de mantemento do tema do Mosteiro de Santa Catalina, creo que a situación dos camiños e a que hai, nos no presuposto priorizamos unhas cantidades para que isto se lle poidera hacer efecto, por parte do equipo de goberno se priorizaron outras partidas, nos entendemos que unha importante solución é ter os camiños en un bo estado, o tema da maleza igual, se está a facer unha mala xestión porque agora mesmo temos dous tractores, eu creo que a política en tema desbroces non se ven executando cos medios municipais que agora mesmo hai, porque nos cun tractor soamente, a partir da Semana Santa xa nos poñiamos cos desbroces, dicir que cando chegaba a forza da primaveira, e cando entraba o verán, tiñamos o tractor en dous turnos, pola mañá, actuaba Agustín e pola tarde actuaba Santi, esa era a situación que nos viñamos xestionando co tema dun tractor, e agora que hai dous, a situación aínda é peor, deixar claro que nos vamos a apoiala porque non pode ser doutra maneira que nos fumos e dixemos isto nos orzamentos do 2012, e alegamos os orzamentos de que había que incrementar esta partida para facerlle frente o tema dos camiños, polo tanto nos vamos a votar favorablemente á Moción do BNG.

Toma a palabra o SR. Alcalde-Presidente, hai catro anos cando o grupo de goberno actual se constituiu, bueno pois había unha necesidade de actuar, e en



catro anos se lle meteu un riego asfáltico ó camiño de Pedrós, se lle meteu un asfalto en quente o Mazote que parecía a Avda de Beirut, se lle meteu un riego asfáltico a todo Besoxo, se lle meteu un riego Asfáltico a todos Os Castros, se lle meteu un riego asfáltico a todo Cervás excepto o entorno da Igrexa e o Casino que se meteu asfalto en quente, se lle meteu un riego Asfáltico a todo Cervás pola parte do Cemiterio ata a Pena e Lubre, se meteu un asfaltado quente en toda a Avda. da Paz, me lembro de ir a soterramentos e veía como estaba a Avda. da Paz, se lle meteu un riego Asfáltico a Chanteiro, se meteu un riego asfáltico desde o Outeiro ata a estrada que vai a Punta A Varenta, igual que se meteu un riego asfáltico en quente a Coitelada, se asfaltou en Lubre dende o campo de fútbol vello ata a Pena e o Cemiterio de Cervás, se Asfaltou o Cernal, se abreu dende Lubre o Alto de Simou cun riego Asfáltico, se meteu asfalto en quente en Barracido, se asfaltou con riego Asfáltico todo Ixobre, e efectivamente a Igrexa de Redes hacia San Juan, se asfaltou con riego asfáltico a Malata, desde o Camping ata onde vive Angel Bello, se abreu o Serrón e se lle meteu riego asfáltico, se asfaltou en quente o Paseo Marítimo, se asfaltou a Rúa Real, lembrades desde Titin a Pedrós como estaba aquilo se meteu un asfalto en quente, se abreu a Rúa María se puxo tuberías e un cementado desde o Parrocho ata as Alianzas, e bueno xa me diredes se non fixemos nada, total abandono, como podes observar total abandono. En consecuencia esta é unha moción que descoñe a realidade, é unha mentira toda ela, e evidentemente so recordando do DVD de campaña do Partido Socialista se poden ver todos os Asfaltados e se poden ver todos os riegos Asfálticos, hai non se minte porque o dicimos no DVD de campaña, e xa so o Asfaltado en quente do Mazote e haber rematado con ese drama de anos merecería o aplauso de quen nunca nos dará nada, por moi ben que o fagamos, e en consecuencia nada podemos efectivamente esperar de quen loxicamente absolutamente en todo ve a oportunidade de facer xestos e guiños partindo sempre da mentira, xa digo que efectivamente se planificaron, a reparación dos viais nestes catro anos, entre fondo propios, o POS e actaúcións loxicamente programadas se fixo moitísimo. Pepe é unha pena que non este aquí, porque Pepe sabía efectivamente os quilómetros de asfalto e riego asfáltico que se meteron no Concello de Ares, o Concello de Ares ten 21 quilómetros cadrados, e Pepe un día me dixo que habíamos asfaltado e metido riego asfáltico practicamente en 50 quilómetros. Entonces efectivamente esta claro que se fixo todo isto, esta ahí, e xa digo so ir o cemiterio a un soterramento e pasar polo Mazote, pasar pola Rúa Real da de Titin hacia adiante, pasar por a Rua Concepción Arenal, recordar como estaba o Casino de Cervás que se lle meteu un asfaltado en quente nada máis entrar, pois



evidentemente está claro que se fixo moitísimo e en consecuencia pois loxicamente vamos a respaldar a posición de NAL de que esto efectivamente vaia a Comisión e alí efectivamente poremos un DVD e pasaremos o video de campaña para que el Bloque vea todo o que se asfaltou e todo o que se lle meteu riego asfáltico, saen todas as ruas alí.

Acto seguinte sometese a votación a proposta de NAL de que o asunto pase a Comisión Informativa, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 NAL) E 6 votos en contra (2 BNG e 4 PP), acorda que a Moción pase a Comisión de Urbanismo para seu estudio.

Solicita a palabra o voceiro de BNG Sr. Fernández Permuy.

O Sr. Alcalde denegalle a palabra, manifestando que o asunto pasa a Comisión.

Sr. Fernández Permuy, así non se fan as cousa Julio.

SR. Alcalde, eu dirixo o Pleno, se aprobou unha emenda e pasa a Comisión.

Interven o Sr. Cendán Fernández, si tedes os votos, pero non lle podes coartar á oposición o falar.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías, o pasado 28 de maio presentamos unhas preguntas que non se nos foron respostadas, e decían *“o pasado 21 de maio na Comisión de Servicios Municipais o BNG fixo unha pregunta a respecto da paralise que viñan observando nas obras de abastecemento de auga á Parroquia de Cervás, e tanto veciñanza de Cervás como o noso Grupo veñen comprobando que as obras levan días sin actividade algúnha, esta paralise repercute directamente na veciñanza posto que as Estradas por onde discurre a canalización están sen rematar provocando inseguridade para as persoas e evidenciando unha falla de seguimento por parte do Concello por todo isto dende o noso grupo formulamos as seguintes preguntas:*

- 1.- *¿ten o concello coñecemento do Estado no que se atopa a obra, e se vai cumprir os prazos de execución?*
- 2.- *¿sabese a que se debe a paralise que vence o estado da obra?*
- 3.- *¿Qué medidas ten pensado tomar o Concello para velar pola seguridade viaria dos veciños e veciñas?*



Ben esta pregunta foi presentada o día 28 de maio de 2012, entonces nos entendíamos que no seguinte Pleno que se nos ía a dar constetación a esas preguntas, non se nos deu por escrito e entendíamos que no Pleno se nos ía a dar resposta, logo ó non ter resposta presentamos outra o 10 de xullo deste mesmo ano que ven sendo igual, e nos facemos agora a seguinte demanda, “reanudar urxentemente as obras para a dotación de depósitos e colectores para Cervás e reposición dos tramos que foron executados, e cumprir os acordos Plenarios do 26 de abril de 2012 que complementaba a obra que se estaba a executar actualmente para levar o abastecemento de auga a todos os lugares da Parroquia de Cervás, polo tanto gustaríanos que nos respondese dalgunha maneira a estas preguntas.

O Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán pregunta: Co tema da retirada da paga extraordinaria os funcionarios, ¿Qué posición política, ten o Alcalde e os Concelleiros que teñen adicación exclusiva? E a segunda pregunta, no presuposto do ano 2012, hai unha subvención nominal para un evento de dominó que se vai a celebrar o día 1 de setembro no cal eu son Presidente da Asociación Ria de Ares, e a nos por a día de hoxe por parte do Concello nin o Concelleiro de Cultura, se dirixiu a nos para a organización deste evento, sabemos que nos somos o clube máis antigo que hai no Concello, este ano se rexistrou outro, e quero non ser mal pesando, e quero que por parte do Alcalde se me diga cales son os motivos polo que ó clube que eu represento non se notificou este evento que se vai a organizar cando a nos o ano pasado organizamos este evento, moito máis económico por certo, que a organización a puxemos nos e a colaboración o Concello, e queremos saber o motivo porque a nos por parte do Alcalde ou do Concelleiro de Cultura non se nos notificou este evento para a organización e para a disponibilidad deste clube para organizar conxuntamente co outro clube que nos non somos egoístas para a organización deste evento.

A terceira pregunta é sobre a Policía Local, houbo un cambio, cando entrachedes a gobernar os quitachedes do Concello vello, e se trouxo para aquí a Policía Local, argumentando de que estaban mellor aquí porque custodiaban a Casa Consistorial, agora a mandachedes para o Centro da Terceira de Servicos Sociais, e o máis penosa da situación, e que agora nestes días, se pintou media rua, se pintou media rúa para poñer os coches da Policía Local, e nos seguimos preguntando ¿Por qué non se volven a levar onde tiñan que estar? Que é no Concello Vello, alí os coches non molestan, alí tiñan a Alcaldía para seu despacho e estaban encantados da vida, e non agora porque o aparcamento en Ares é bastante deficitario, e por riba onte e antonte unhas historias, porque claro a xente non sabe ve pintado alí non hai ningunha prohibición, non hai posta ningunha sinal que é para a Policía Local, e despois se lles informaba que é para a Policía Local, e toda a xente a carreiras e un desvaraxuste bastante considerable, eu pediría que se reconsiderara a situación, que alí na Praza da Igrexa non molestan a ninguén os coches como estiveron sempre alí hai aparcamento para todos os coches non molestan a ninguén e non nese sitio porque esa rúa é bastante estreita, desde a mesma curva que está pintado hai que deixarller un servico a Policía Local, e creemos que a situación é quitalos de ahí e volvelos a levar para a Praza da Igrexa que é onde teñen que estar,



teñen aparcamento, teñen instalación que haberá que adecentar, cando se desaloxou o Concello vello quedaron eles e Protección Civil, quedaron no despacho da Alcaldía e quedaron contentos eu creo que non soamente porque podan prestar mellor servizo nun lado ou noutro, estamos falando do Centro do pobo, pero os coches atascando alí e na mesma curva, cando se van para a Praza da Igrexa alí non molestan a ninguén, teñen aparcamento suficiente e xente que quería acceder á Policía Local ten tamén aparcamento e hai aparcamento para todos, por eso rogamos que por parte do Alcalde se reconsidera esta situación, e que se leve a Policía Local para o Concello vello.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Fernández Permuy, vamos a ver volvendo o tema da Moción que presentamos.

Sr. Alcalde, agotaches teu turno, vou a responder.

Sr. Fernandez Permuy, non é un rogo.

Sr. Alcalde, acordou o Pleno é que eso se fale en Comisión.

Sr. Fernandez Permuy, Julio o que non é normal e que me veñas a facer a unha Comisión propaganda electoral, eso o primeiro e en segundo lugar.

O Sr. Alcalde retiralle a palabra ó Sr. Fernández Permuy, porque efectivamente ese tema e para a Comisión e non para falar aquí.

Sr. Fernandez Permuy, pero lee o punto 3.

Sr. Alcalde, non leo nada, se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e trinta minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,